



Encoméndome ao abruñeiro

Marilar Aleixandre

Entrega Letra E, 5 xuño 2010

Queridas amigas, queridos amigos, teño tanto que agradecer que é difícil comezar. Grazas, ante todo á AELG por outorgarme o E de escritora, pois os recoñecementos das compañeiras e compañeiros son os máis entrañábeis. Ao concello de Santiago de Compostela, por acoller na súa terra a miña árbore ventureira e o chanto co poema sobre as parediñas de pedra, por acollernos hoxe aquí. A Ana Romaní, polas súas fermosas palabras, a todos vós pola compañía.

Por que Santiago? Se Agustín Fernández Paz, a quen me honro en suceder, non podía propoñer outro lugar que Vilalba, Pintor, Melide, Manuel Lourenzo o Valadouro ou María do Carmo Kruckenberg Vigo, eu, que nacín polo menos dúas veces e vivín en lugares tan distintos como Madrid, Ceuta, Doña Mencía, Vigo, onde me fixen galega, ou A Maía, antes de que Compostela me apreixase nas súas redes; eu que me apropiei ou roubei como territorio literario de Toba e da Costa da Morte, tiña moito onde escoller.

Porén, considero innecesario xustificar a miña terra ser Santiago de Compostela, alén de vivir aquí, de traballar aquí desde hai vinte anos. Santiago é unha cidade soñada, un territorio que pertence á imaxinación, e por tanto singularmente adecuado para unha escritora que ten por oficio imaxinar, soñar.

Calquera que contemple o solpor desde Belvís, que sorprenda un merlo tirando miñocas da terra nos muíños do Sarela, calquera que se estremecese co alalá de Uxía na nas manifestacións de Nunca Máis, que escoitase recitar poesía nunha baíuca chea de fume, ou que vibrase co último concerto dos Enemigos no pavillón do Sar, sabe das artes coas que Compostela engaiola ás incautas.

En Compostela estamos en boa compañía, dos vivos e de quen nos precederon polas súas rúas. Rosalía guíanos polas beiras do Sar camiño do banquete de Conxo; no número quince da rúa do Vilar Ánxel Casal acóllenos na Imprenta Nós; Valle Inclán destempérase na súa tertulia do Derby; Luís Seoane e Arturo Cuadrado reparten unha folliña voandeira co nome de *Resol* que leva inscrita unha esperanza. Aquí xermolaron rebelións contra a inxustiza, no século XIV o ferreiro Xoán Tuorum, o 'home santo', púxose á fronte dos veciños que se opoñían ao arcebispo Berenguel de Landoira, na carballeira de Santa Susana constituíronse os Irmandiños en asemblea en 1465, e nesa Alameda escóitanse ecos das innumerábeis manifestacións que nela protestaron contra a ditadura, a marea negra ou, recentemente, contra estoutra marea gris que pretende asolagar na desidia a lingua galega. É a vontade – non o azar do nacemento, non o destino, no que creo pouco – o que me trouxo a ela, eu escollín por miña esta terra. Creo que é unha boa escolla.

Eu nacín dúas veces, a primeira en Madrid, cun billete de metro nos dentes. A segunda, como escritora, en Galicia. Para poder escribir en galego a segunda non tivo outro remedio que esgallar a lingua, falar un idioma con cada metade. Así facían os calígrafos, como o chorado Lázaro Enríquez, pois a tinta só circula por un plumín se ten a punta gallada. Cun cálamo, seguen trazándose as caligrafías árabes como a das Mil e unha noites. Mais non chegaba co instrumento, era precisa a tinta, o chuspe do galego. Eu adquirina por inmersión nunha familia ou tribo galega, os López Facal. Caer en Toba foi mergullar nun caldeiro no que



fervía a cachón o galeguismo, mesmo se o paso polo lume pode causar algunha queimadura que outra. En Toba aprendín que o n de 'unha' non é igual que o de 'una' e que en galego os pronomes átonos teñen unha forma moi particular de situarse nas frases. Recomendo unha estadía no caldeiro a quen falan en público, a algúns habíalles prestar.

Se escribo é porque houbo outras persoas que escribiron antes e delas aprendín. Non había escribir igual se non lese de rapaza a *Ilíada*, se non aprendese en Cervantes que até os papeis rotos que voan polas rúas poden ter interese. Ás veces tanto ou máis que algunas cousas que parecen libros, pois nas rúas encóntranse restos de carteis ou panfletos dunha campaña a favor da república ou doutras causas perdidas. Algúns dos mellores creadores, como Castelao, Dieste ou Seoane, entre nós, García Lorca ou Charles Dickens, loitaron por esas causas perdidas, pois o que importa non é estar do lado do gañador, senón se a causa é fermosa e paga a pena. Se as escritoras e escritores nos comprometemos en causas perdidas é por ser escribir unha das formas de soñar. E traballar a prol das causas difíciles e xustas é outra forma de soñar, áinda que ás veces custe a cabeza dos soñadores, como a da escritora e axitadora política Olympia de Gouges, guillotinada durante a revolución francesa por defender os dereitos das mulleres. Grazas a que Olympia e outras como ela soñaron coa igualdade das mulleres acadamos algúns dos seus soños. Debemos pois seguir soñando.

Escribo para min, a soas. Mais tamén inflúe na miña escrita a touza de peixes cos que nadan nas augas da literatura galega. Aínda que escribo relatos e novelas desde hai anos, é probábel que non chegase a escribir poesía se non fose pola convivencia, breve e intensa, co Batallón Literario da Costa da Morte, un lume prendido por Rafa e Miro Villar. A poesía do batallón era infecciosa e como teimaban en convidarme a recitais nos que despois de escutar aos irmáns Villar, a Estevo Creus, a María Lado, a Modesto Fraga ou a Alexandre Nerium, eu víame confrontada a ler un humilde texto de prosa, non me quedou outro remedio que escribir poemas. Unha vez máis a Costa da Morte introducíase, escaravellando, na miña escrita.

Foi no val de Toba onde eu trabei relación cun abruñeiro tronzado por unha descoidada serra eléctrica, agora que as parediñas de pedra ceden o seu lugar a muros de formigón. Por iso procurei outro abruñeiro. Encoméndome ao abruñeiro para seguir soñando. Encoméndome ao abruñeiro, unha árbore ventureira, que vive en liberdade. Talvez sexa a primeira vez que se planta un abruñeiro nun parque e cómpre procurar unha parella para el (ou ela), pois, se desculpades a intrusión dunha das miñas voces, a da bióloga, leembrarei que o abruñeiro precisa doutra árbore para dar froitos, non se pode polinizar a si mesma. Como as persoas necesita compañoiro, amante, poderíamos dicir que neste caso do mesmo sexo, pois os abruñeiro disfrutan dos dous. É posible que eu tampouco puidese dar libros se non tivese un amante como Ramón Falcal, en todo caso serían libros distintos.

O abruñeiro é unha árbore esencialmente literaria, cantada en moitas linguas con nomes como 'endrina', 'aranyoner' ou 'pacharán'. É unha ameixeira brava que combina a rebeldía das espiñas coa sutileza das flores de cinco pétales, flores que aparecen cando áinda a árbore non ten follas, cubríndoo de branco. O sabor dos froitos é intenso, acedo, todo o contrario do insípido pensamento único, da resignación. É unha árbore rebelde e insubmisiva, apropiada para as mulleres que, xunto ás guirlandas de flores que algúns entenden que é a nosa función enfiar, tamén utilizan as espiñas do pensamento crítico para realizar propostas que poden ser incómodas. Foi Rosalía a primeira que renegou do estereotipo que encadraba ás escritoras no canto ás flores. Noutrora o abruñeiro inzaba as sebes de flores brancas ou froitos



aprezados por merlos e liñaceiros, era o patrón dos enxertos utilizado nas hortas. Hoxe en retroceso ante as tuias, o abruñeiro, porén, resiste no monte. Como o galego, ameazado polo desleixo, resiste nas rúas.

As librepensadoras, que non acreditamos noutro mundo máis alá deste que pisamos, temos o deber de soñar para cambiar o único mundo existente. Non nos refuxiamos no soño dun paraíso que agarda da outra banda do río polo que nos leva o barqueiro Chorenente. Tamén somos escépticas respecto a unha idade de prata que, se xulgamos polo que nos din os libros de Historia, nunca existiu. Desde logo nunca houbo unha idade de prata para as mulleres, de aí que reneguemos da tradición e nos neguemos a aceptar que o noso destino estea escrito en ningunha estrela. Temos que escribir o noso propio destino, soñándoo, temos que arrebolar ao ceo as nosas propias estrelas.

Encoméndome ao abruñeiro para seguir resistindo, para seguir soñando. Temos que soñar unha Galicia onde se poidan ensinar a Física e as Matemáticas en galego para que algún día (a non tardar moito) exista. Onde as mulleres non se vexan obrigadas a reclamar cada día a metade do espazo social en todos os ámbitos, a explicar por que non nos conformamos cunha presenza testemuñal. Onde o escudo poida recuperar a serea laica e republicana de Castelao. Encoméndome ao abruñeiro para poñer estes e outros soños por escrito. Acompañademe nestes soños.